

Comunicado nº 326/19
2 de decembro de 2019

□ NOVO ARTIGO 7 DO REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES DE ASFALTO:

O día 30 de novembro celebrouse reunión de Xunta Directiva-Comisión Delegada e mudouse o Artigo 7 do Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Rallyes de Asfalto da seguinte maneira:

Artigo 7.- NORMAS A CUMPRIR POLAS PROBAS PUNTUABLES.

Nova normativa, de obrigado cumprimento, para o desenvolvemento dos rallyes de asfalto:

- Normativa obrigatoria para o desenvolvemento das direccións de carreira e comunicacións dos rallyes de asfalto: Por convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Automobilismo, para a realización do programa de desenvolvemento e seguridade nos Rallyes, para o ano 2020, no que obriga por convenio a tódolos organizadores, da especialidade de Rallyes de Asfalto, a que contraten os servizos de TCR Datos Norte, S.L. da implementación das comunicacións dixitais, con postes repetidores, para o uso de Dirección de Carreira e dos treitos cronometrados como foi habitual na tempada anterior, e con implantación obrigatoria a partir da tempada 2020 inclusive.

- Rallye Tipo "A". Coeficiente 7 (km. cronometrados mínimo 90 e máximo de 135) e coeficiente 8 (km. cronometrados mínimo 100 e máximo de 135).

- Venres: Optativa á celebración de treito espectáculo (si ou non); e de facelo pódese facer urbán ou un treito de estrada que non se faga o sábado nos bucles.

Proba "Super Especial". Poderase realizar un treito cronometrado denominado "Super Especial", cunha lonxitude mínima de 2 quilómetros, e máxima de 7 quilómetros. Terá unha regulamentación específica e diferente ás outras especiais. A regulamentación será dictada e aprobada, en Anexo, pola Federación Galega de Automobilismo, e formará parte do regulamento particular da proba. A celebración da mesma será antes do inicio da primeira sección do rallye ou etapa.

- Sábado: Tres treitos (A, B, C) **a triple pasada**, con reagrupamentos de 30 minutos, mínimo, e parques de traballo de 60 minutos despois da celebración de cada bucle.

- Rallye Tipo "B". Coeficiente 7 (km. cronometrados mínimo 100 e máximo de 180) e coeficiente 8 (km. cronometrados mínimo 110 e máximo de 180).

- Venres: Optativa á celebración de treito espectáculo (si ou non); e de facelo pódese facer urbán ou un treito de estrada que non se faga o sábado nos bucles.

Proba "Super Especial". Poderase realizar un treito cronometrado denominado "Super Especial", cunha lonxitude mínima de 2 quilómetros, e máxima de 7 quilómetros. Terá unha regulamentación específica e diferente ás outras especiais. A regulamentación será dictada e aprobada, en Anexo, pola Federación Galega de Automobilismo, e formará parte do regulamento particular da proba. A celebración da mesma será antes do inicio da primeira sección do rallye ou etapa.

- Sábado:

Pola mañá: Tres treitos (A, B, C) **diferentes a dobre pasada**, con reagrupamentos de 30 minutos, mínimo, e parques de traballo de 60 minutos despois da celebración de cada bucle.

Polo serán: Tres treitos (A, B, C) **diferentes dos da mañá a dobre pasada**, con reagrupamentos de 30 minutos, mínimo, e parques de traballo de 60 minutos despois da celebración de cada bucle.

Nota aclaratoria: Prohíbese os parques pechados, tal como se interpretan con regulamentación F.I.A., admitíndose concentracións dos vehículos de Rallye, por tempo limitado, en centros comerciais ou prazas municipais que reporten algunha contrapartida económica aos Comités Organizadores; antes, despois, ou durante a celebración do rallye.

Prohíbense os treitos en bucle, por medidas de seguridade, xa ben no treito espectáculo ou integrado nun treito dun bucle do Rallye "A" ou "B".

COMISIÓN DE RALLYES DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO.

